

Exp. 46515/220**ANUNCIO.-****PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DUNHA (1) PRAZA DE OFICIAL FERREIRO INCLUÍDA NA 2ª FASE DA OEP DOS ANOS 2020, 2021 E 2022. PERSOAL LABORAL.****ASUNTO.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E PROPOSTA DEFINITIVA DE NOMEAMENTO.**

Ponse en xeral coñecemento o seguinte acordo do órgano de selección de data 13-03-2026:

ANTECEDENTES

1. Con data 02-03-2026 (luns) publicouse na páxina web municipal o anuncio relativo ao resultado e puntuacións do segundo exercicio, coa apertura de tres días de prazo (hábeis) para presentar alegacións contra o citado acordo do órgano de selección de data 27-02-2026. Na mesma data foi remitido o anuncio ao taboleiro de edictos municipal.
2. Con data 06-03-2026 (venres) o candidato R. España Comesaña presentou escrito de alegacións (cód. W1443284-4085), nas que manifestaba o seu desacordo co resultado obtido (NON APTO) por diferentes motivos.
3. Con data 04-03-2026 foron publicados os anuncios relativos ao terceiro exercicio (lingua galega) e a proposta (provisional) de nomeamento. Non constan presentadas alegacións contra estes acordos.

En relación ao terceiro exercicio todos os candidatos que superaron o segundo exercicio están exentos da súa realización, obtendo todos a puntuación máxima (2 puntos).

4. Mediante acordo co 13-03-2026 foron resoltas as alegacións presentadas contra o primeiro exercicio, sen que consten presentados recurso contra dita resolución debidamente publicada e notificada.

FUNDAMENTOS

Dacordo co establecido nas bases reguladoras deste procedemento (BOP núm. 169 do 30-08-2024), nas que a súa base 18ª establece que *“contra os acordos dos órganos de selección, as persoas aspirantes poderán interpoñer reclamación no prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte a data da súa publicación na páxina web municipal e no Taboleiro de Editos”*.

O escrito de alegacións consta presentado fora do prazo de 3 días establecido polo candidato R. Comesaña España, xa que foi presentado o día 06-03-2026. O prazo deses tres días comezaba a contar dende o seguinte á publicación dos resultados do segundo exercicio (02-03-2026), polo que o mesmo finalizaba o día 05-03-2026 ás 00.00h.

Segundo o art. 29 Lei 39/2015, *“Los términos y plazos establecidos en ésta u otras leyes obligan a las autoridades y personal al servicio de las Administraciones Públicas competentes para la tramitación de los asuntos, así como a los interesados en los mismos”*.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/03/2026 13:26	Páxina 1 de 3
260064721	CSV: ACB6A6-41CH59-C6D552-DEZ8K5-WMKEHH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Dacordo co réxime xurídico establecido pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, sobre o cómputo dos prazos outorgados aos interesados (art. 30), o escrito de alegación debe ser considerado como extemporáneo e non cabe a súa admisión, polo que xa non procede entrar sobre o fondo das mesmas.

En todo caso, o órgano de selección entende oportuno recordar ao interesado que ten dereito a consultar e a obter copia dos documentos contidos no presente procedemento, en calquera momento do mesmo, nos termos previstos polo art. 53 Lei 39/2015.

PUNTUACIÓNS TOTAIS, PROPOSTA DE NOMEAMENTO E LISTA COMPLEMENTARIA.

APELIDOS	NOME	DNI	1º EXERC.	2º EXERC.	3º EXERC. GALEGO	TOTAL
AGULLA COSTAS	J.M	**1903***	6,5	7,55	2	16,05
DÍAZ ÁLVAREZ	P.	**1247***	6,167	6,55	2	14,717
ESPAÑA COMESAÑA	R	**1492***	7,667	4,65	----	NON APTO
MARTÍNEZ OTERO	X.	**0844***	6,5	9,12	2	17,62
TOMÉ FERNÁNDEZ	F.	**1215***	5,833	7,66	2	15,493

Á vista do exposto, o órgano de selección acorda por unanimidade, someter á consideración da Xunta de Goberno Local, unha vez que o aspirante que superou o proceso selectivo achegue a correspondente documentación na forma e prazo sinalado nas base Décimo novena das bases xerais-apartado b) persoal laboral (BOP núm 169 de data 30 de agosto de 2024), que rexen este proceso selectivo, a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Inadmitir as alegacións presentadas por R. España Comesaña contra o resultado do segundo exercicio, o 06-03-2026, por estar presentadas fora do prazo establecido na Base 18ª (BOP núm. 169, do 30-08-2024), advertindo ao interesado de que ten dereito a consultar e a obter copia dos documentos contidos no presente procedemento, en calquera momento do mesmo, nos termos previstos polo art. 53 Lei 39/2015.

SEGUNDO.- Nomear como persoal laboral fixo con cargo a unha (1) praza vacante de oficial ferreiro, enmarcada no Grupo C2, que figura incluída nas ofertas de emprego público dos anos 2020, 2021 e 2022 (2ª fase da convocatoria) do Concello de Vigo ao aspirante **Xaquín Martínez Otero** que é o que acadou a maior puntuación no proceso selectivo.

APELIDOS	NOME	NIF	TOTAL
MARTÍNEZ OTERO	X.	**0844***	17,62

TERCEIRO.- Aos efectos establecidos pola Base 8.4.6 das Xerais, aprobar a seguinte relación complementaria de aspirantes que seguen ao proposto:

APELIDOS	NOME	DNI	1º EXERC.	2º	3º EXERC.	TOTAL
----------	------	-----	-----------	----	-----------	-------



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/03/2026 13:26	Páxina 2 de 3
260064721	CSV: ACB6A6-41CH59-C6D552-DEZ8K5-WMKEHH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



				EXERC.	GALEGO	
AGULLA COSTAS	J.M	**1903***	6,5	7,55	2	16,05
TOME FERNANDE Z	F.	**1215***	5,833	7,66	2	15,493
DIAZ ALVAREZ	P.	**1247***	6,167	6,55	2	14,717

RECURSOS: Contra este acordo cabe interpoñer recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local no prazo de un mes a contar dende a súa publicación/notificación. Todo elo sen prexuízo da interposición de cantos recurso considere oportuno interpor contra o mesmo.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A Secretaria,

